

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE
NOVIEMBRE DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, E e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 13 de agosto e sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria de 13 de agosto e sesión ordinaria de 28 de agosto de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2009

Vista a circular procedente da Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 11.155 o día 8 de setembro de 2008, respecto da elaboración do plan de obras e servizos 2009.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 20 de novembro actual.

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de novembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 25 de novembro de 2008.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo xa dixo nas comisións que lles parece moi ben que se faga a obra de accesos ao cemiterio, de feito parécelles que é unha obra que xa debería estar feita hai anos. Están falando da ampliación e aparcadoiro na zona do centro de saúde. Di que claro que queren que se faga e que non o van impedir co seu voto, pero insisten en que no punto cuarto da proposta de acordos eles non poden dicir que son deles uns terreos que realmente non o son, por iso se absteñen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, como xa dixo nas comisións, existe unha necesidade de acometer a obra da travesía que vai de Cambre ao cemiterio, por ser un lugar no que se concentran a maioría dos servizos públicos do concello, e posiblemente o lugar de Cambre máis concorrido. Di que en diversas ocasións o seu grupo xa presentou algún tipo de iniciativa respecto deste proxecto e obra que se pretende realizar, pero como xa dixeron nas comisións, e coinciden con algún grupo dos presentes, non poden apoiar unha obra que para eles ten dúbidas sobre a súa

legalidade. Din isto porque o propio prego da Deputación indica que o concello ten que dispor dos terreos para acometela, e así consta no punto cuarto da proposta de Alcaldía, no que se declara que o concello dispón dos terreos, cousa que non é certa. Eles non queren incorrer en ningún tipo de ilegalidade, polo que tamén pide á secretaria que lles informe se os grupos que voten a prol da proposta incorren nalgunha ilegalidade ao dicir que os terreos son do concello sen que realmente o sexan.

Conclúe dicindo que eles non se van a opoñer a esa obra, porque é unha obra demandada e necesaria, pero tampouco van votar a prol, vanse abster.

A secretaria da corporación informa que é certo que non se dispón dos terreos, e os concelleiros teñen a potestade de votar en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, como xa dixeron en varias ocasións, este é un tema que ten vido moitas veces a este pleno. Están de acordo coa execución desta obra, e van votar a prol. Di que, en todo caso, é unha responsabilidade do goberno municipal, e concretamente do alcalde, conseguir que os terreos estean a disposición da empresa adjudicataria no período necesario. O seu voto vai ser favorable porque pensan que é unha demanda de todos os veciños do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén están de acordo nas obras que se propoñen, tanto na principal como na complementaria, polo que non van votar en contra deste punto, pero baseándose en que o proxecto está feito dende o 2003, pensan que houbo tempo suficiente para facer as xestións cos veciños, cos propietarios dos terreos para que estiveran en mans do concello. Di que por iso o seu voto vai ser a abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado pola seguinte obra e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Orzamento
Travesía de acceso ao Cemiterio. Concello de Cambre-A Coruña	376.944,70 €	153.183,78 €	530.128,48 €

Segundo: Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2009 e que se relaciona no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2009 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

Denominación da obra	Orzamento
Renovación de firme nos camiños de Cela-Canal e San Bartolomé-Armental, Cambre	126.766,78 €

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2009 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2009.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º Aprobación, se procede, do proxecto de “Mellora da estación de bombeo do Temple. Cambre (A Coruña)”, incluído dentro do Plan de saneamento de Galicia. Solicitude de financiamento e compromisos de colaboración

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de novembro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 25 de novembro de 2008.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto “Mellora da estación de bombeo do Temple. Cambre (A Coruña)”. (OH-315.890), cun presuposto de execución por contrata de 893.658,71 €

Segundo: Solicitar, ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro: Comprometerse, por parte do Concello de Cambre, á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 100.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a obra de referencia está exenta do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Igualmente, dado que o proxecto foi encargado polo propio concello, cos informes técnicos municipais correspondentes, e tendo en conta o establecido no artigo 2 da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, non se produce o feito imponible da taxa, polo que non procede cobro ningún.

Quinto: Expoñer ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

Sexto: Declarar o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Sétimo: Declarar o compromiso de actualización das tarifas por prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

Oitavo: Delegar no Sr. alcalde-presidente para solicitar o financiamento.”

4º Mocións

O Sr. alcalde solicita que se vote a urxencia para incluír a proposta da concelleira-delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos respecto do proxecto de “Renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios. Cambre (A Coruña)” do que xa se falou nas comisións informativas. Como xa dixeron é unha obra que financia Augas de Galicia, igual que a que acaban de ver, e a urxencia de traela ao pleno é porque hai un prazo de exposición ao público de 20 días, e Augas de Galicia urxe a que se faga.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Proposta da concelleira-delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, de aprobación, se procede, do proxecto de “Renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios. Cambre (A Coruña)”, incluído dentro do Plan de saneamento de Galicia. Solicitud de financiamento e compromisos de colaboración

Vista a proposta de referencia, de data 25 de novembro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto “Renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios. Cambre (A Coruña)”. (OH-315.902), cun presuposto de execución por contrata de 900.853,41 €

Segundo: Solicitar, ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro: Comprometerse, por parte do Concello de Cambre, á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 100.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a obra de referencia está exenta do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Igualmente, dado que o proxecto foi encargado polo propio concello, cos informes técnicos municipais correspondentes, e tendo en conta o establecido no artigo 2 da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, non se produce o feito imponible da taxa, polo que non procede cobro ningún.

Quinto: Expoñer ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

Sexto: Declarar o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Sétimo: Declarar o compromiso de actualización das tarifas por prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

Oitavo: Delegar no Sr. alcalde-presidente para solicitar o financiamento.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Proposta de Alcaldía para a designación de representante do Concello de Cambre ante o Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “As Mariñas- Mandeo”

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de novembro de 2008, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que na sesión ordinaria do pleno da corporación, de data 29 de maio de 2008, acordouse, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión:

“A adhesión do Concello de Cambre como socio do Grupo de Desenvolvemento Rural - GDR 29, que terá a forma de asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de asociacións de Galicia.”

Propoño ao pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Designar como representante titular do Concello de Cambre ante a Asociación Grupo de Desenvolvemento Local GDR-29 “As Mariñas – Betanzos” á concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay e como suplente ao concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Notificar este acordo ao Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “As Mariñas – Mandeo” para os efectos oportunos.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que o Concello de Cambre pertencía a un grupo de acción rural que agora cambiou, que se fusionou con toda a zona de Betanzos, e como novidade ese novo grupo solicitou que todos os políticos presentes sexan propostos polos respectivos plenos, e o resto de membros polas súas respectivas asociacións.

Continúa dicindo que ás sesións do grupo de acción rural adoitaban acudir dona Erundina Prado Arcay, en ocasións dona M^a Beatriz Ramos Padín, e el mesmo, e noutras ocasións acudían os técnicos, dependendo do tema a tratar. Coas novas normas non queren que iso siga sendo así, senón que hai que designar un titular e un suplente, que non poderán ser técnicos, senón políticos. Polo tanto, se queren seguir formando parte dese grupo haberá que adecuarse ás novas normas, e dado que ultimamente os temas de turismo son os máis relevantes, consideraron que nomear a dona Erundina Prado Arcay era unha boa opción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Designar como representante titular do Concello de Cambre ante a Asociación Grupo de Desenvolvemento Local GDR-29 “As Mariñas – Betanzos” á concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay e como suplente ao concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Notificar este acordo ao Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “As Mariñas – Mandeo” para os efectos oportunos.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal do PP para a mellora da loita contra a violencia de xénero

Registrada de entrada ao núm. 14635 o día 22 de novembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Ante a celebración o 25 de novembro do Día internacional contra a violencia de xénero, o Partido Popular quere reiterar o seu firme compromiso na loita contra unha das peores eivas que sofre a nosa sociedade e que desgraciadamente custa a vida anualmente a decenas de mulleres. Os poderes públicos, as institucións, as asociacións e os cidadáns, deben involucrarse, de maneira conxunta, na loita contra o maltrato que sofren moitas mulleres. Non podemos consentir que a violencia de xénero cada vez vaia a máis no noso país.

No que levamos de ano 2008 xa se produciron 60 asasinatos de mulleres mentres que a lexislatura anterior se saldou coa escalofriante cifra de 280 mulleres mortas, case 50 máis que na última lexislatura do goberno popular.

A pesar de que na lexislatura pasada se tomaron medidas para combater esta eiva, como a aprobación da Lei de protección integral contra a violencia de xénero, o resultado foi desolador; faltan medios e recursos e o seu funcionamento é manifestamente mellorable, recaendo todo o peso nas comunidades autónomas e concellos.

Sucesivos informes como o do propio Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 2006, o informe anual do Defensor do Pobo (2006), ou o de Amnistía Internacional reflicten a frustración das expectativas xeneradas pola lei, as súas debilidades e como, tras catro anos

dende a súa entrada en vigor, as mulleres non están máis protexidas nin se senten mellor atendidas polas administracións públicas.

Actualmente hai déficits de policía, de xulgados exclusivos de violencia de xénero e os xulgados compartidos amósanse desbordados co número de casos de violencia de xénero. Así mesmo, os informes para determinar o nivel de risco ao que está sometida a vítima de violencia de xénero están resultando pouco efectivos para determinar o grao de risco e as medidas a adoptar.

Considerando a gravidade da situación e a necesidade inmediata de adoptar novas medidas que incidan dunha forma máis eficaz na desaparición da violencia de xénero, o grupo municipal popular somete á consideración do pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS

Primeiro: Instar ao goberno a que dedique os recursos económicos necesarios e imprescindibles para o pleno desenvolvemento e execución da Lei integral de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Segundo: Instar ao goberno a que incremente o número de policía dedicados exclusivamente á protección da muller vítima da violencia de xénero, incidindo especialmente en que estean formados para estas tarefas e en comunicación directa, permanente e personalizada coas vítimas reais e potenciais.

Terceiro: Instar ao goberno a que incremente o número de xulgados especializados en violencia de xénero, dotándoos dos medios materiais e humanos necesarios para garantir o seu efectivo funcionamento.

Cuarto: Instar ao goberno a que despregue en todo o territorio nacional as Oficinas de atención a vítimas e facer efectiva a asistencia letrada inmediata.

Quinto: Instar ao goberno a que revise o procedemento informático de valoración de risco para vítimas de violencia de xénero co fin de que sexa máis efectivo, homoxéneo e axude a diminuír o número de vítimas mortais.

Sexto: Instar ao goberno a que no marco da Lei integral de medidas de protección integral contra a violencia de xénero inclúa os plans de protección personalizada para vítimas de violencia de xénero.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo en que a violencia de xénero é un problema grave, unha eiva social como dixeron publicamente no último pleno por consenso entre os diferentes grupos da corporación. Entenden como grupo de goberno que o problema non é só a escaseza de medios, que efectivamente sempre é importante, pero que o problema é tamén a inexistencia ou pouca conciencia social que aínda existe a este respecto e que, pouco a pouco, e a través dunha actuación continuada dos diferentes gobernos do Estado e das CCAA foise buscando solución nos últimos anos.

Por outro lado entenden que están falando dunha moción que se refire a un ámbito territorial diferente ao do concello, que é o ámbito estatal, e polo tanto entenden que todas esas instancias a que alude o PP, lle corresponden, e xa se está facendo así, aos partidos políticos a nivel do Estado e ás Cortes Xerais.

Por outro lado, dáse a coincidencia de que existe unha moción presentada polo BNG coa que o seu grupo está máis de acordo, pois incide máis no ámbito do local, que é o deles, e por tanto a súa postura como grupo vai ser votar en contra da moción do PP, e apoiar a do BNG.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, en primeiro lugar, quere dicir que para un tema como este debería ser posible un acordo unánime. Eles presentaron un texto ao que darán lectura despois, que pensan que é un texto asumible que vai ao fondo das cuestións, e que manifesta unha vontade de actuación consensuada e unánime para que todos vaian na mesma dirección en contra da violencia de xénero.

Efectivamente hai ámbitos de decisión e actuación que lle corresponden a outras instancias. El cre lembrar que o mes pasado se aprobou no Congreso unha proposición do BNG, pensa que o PP votou a prol, e que precisamente ía na liña do desenvolvemento da Lei integral contra a violencia de xénero, a lei estatal, precisamente no aumento dos xulgados especializados, e outra serie de cuestións máis que non é agora aquí o momento de debater.

Pensa que o seu ámbito de actuación está marcado polo que poden facer eles para contribuír a iso. Pensa que algunhas cousas xa se fixeron, por exemplo, como dirá despois na moción, engadir unha partida orzamentaria para apoiar ás mulleres que están nesta situación. Pensa que unha das cousas fundamentais que poden facer é apoiar a difusión e as propostas en positivo para que a xente se mobilice e non estea pasiva con respecto a iso. Intentar que por

todos os medios da administración municipal, de maneira trasversal, en todos os ámbitos, se fagan cousas que eviten que se dean estas situacións, e que cando se dean, as persoas estean protexidas, defendidas e atendidas. Eles pensan que ese é o seu ámbito de decisión. Parécelles que a proposta do PP non vai, en absoluto, neste sentido, e mesmo ten algunha frase que lles parece verdaderamente lamentable, e que se aprobe ou non se aprobe, deberían retirar, como é a referencia a que houbo menos vítimas de violencia de xénero na última lexislatura do goberno popular. Supón que non estarán indicando que hai forzas políticas que promoven que se dean esas situacións. Supón que non, pero di que, dende logo, a redacción do texto é bastante desafortunada como para ser aprobada por unha corporación. Nese sentido o seu grupo vai votar en contra desta moción, e votar a prol da que presentan eles.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do EU-IU, manifesta que el vai empezar polo final, e dicir que o PP debería facer unha reflexión e eliminar o apartado ao que se acaba de mencionar. De todos os xeitos di que a lei aprobada a nivel estatal, non fai moito tempo, foi unha lei consensuada, aprobada por todos os grupos con representación no Parlamento, e a propia lei contempla, se non a totalidade, polo menos a maioría das propostas que se fan na moción do PP. Di que el pensa que o goberno o que debería facer é poñer en marcha este tipo de medidas, e dotar dos orzamentos necesarios para que se leven a cabo.

Sinala que o outro día, a propia vicepresidenta do goberno dicía que era unha boa lei, que as medidas eran boas, pero que eran de difícil aplicación. Efectivamente son de difícil aplicación porque non hai os orzamentos necesarios para desenvolvela. En todo caso, se o PP fixera esa reflexión, o seu grupo non tería ningún inconveniente en votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el cre que deberían consensuar as dúas mocións, porque tanto unha como a outra teñen partes positivas. El estaría de acordo en que se reunisen os voceiros para consensuar a moción, e que iso sería o máis acertado, en vez de andar cada un polo seu lado.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que estarían dispostos a quitar ese parágrafo. Di que simplemente quixeron facer unha pequena comparativa de cando gobernaba o Partido Popular, que non había a lei, e que cada vez que se asasinaba a unha muller todo o mundo saía á rúa a pedir responsabilidades ao PP. Di que simplemente era unha pequena referencia a iso, que dende que se creou a lei algo debe de

fallar cando houbo máis vítimas. Simplemente querían facer un énfase nese sentido, pero se ofende a alguén poden retiralo, e se con iso se aproba, non teñen problema en facelo.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que el non pensa que falle a lei, senón que o que falla é a sociedade no seu conxunto, esa é unha reflexión que teñen que facer todos. Evidentemente os medios sempre son escasos. Di que el se suma á postura do Sr. Marante en canto que se hai posibilidade, contando claro está cos que presentan as mocións, de deixar o asunto sobre a mesa, e reunirse nunha xunta de voceiros urxente para facer unha moción conxunta dirixida a quen corresponda, entón estarían de acordo, se non fose posible, seguen manifestando o seu voto en contra desta moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias sinala que é complicado agora refundir dous textos que obedecen a filosofías totalmente distintas. En todo caso, eles estarían dispostos a facelo. Xa houbo un comunicado conxunto que se leu neste mesmo pleno hai unha semana, que concitaba a consenso de todos. Esa declaración xa foi unánime de todo o mundo. Non obstante, cando chegue o debate da súa a el gustaríalle saber cales son os puntos en contra para non apoiala.

Continúa dicindo que, de todas as formas, o problema xa non é só a frase que dixo. Coa explicación da voceira do grupo municipal do PP, aínda se meteu máis o dedo na chaga. Di que é unha frase de resentimento, de búmerang, claro que a xente saía á rúa a reclamarlle ao PP que tomara medidas, e pregúntalles por que non as tomou. Di que perderon as eleccións, e outros as tomaron, e perdeu as eleccións o PP en Galicia e unha das primeiras leis que aprobou o Parlamento de Galicia nesta lexislatura foi precisamente a Lei galega integral contra a violencia de xénero. Pregunta por que se o Partido Popular era consciente de que había esa reclamación social na rúa, no tomou medidas no seu momento.

Di que se hai que comparar datos, eses datos son terribles para poñelos así, pero que, en todo caso, comparen datos de ordes de protección, de mulleres atendidas, do número de denuncias presentadas, etc. Di que, ademais, todos saben, que diso a culpa non era do PP, senón que a sociedade nestes aspectos cambiou moitísimo en moitos anos, e aínda ten que cambiar moito máis. O problema que se estaba dando historicamente era que o tema da violencia de xénero todo o mundo entendía que estaba situado dentro do ámbito do privado, da familia, e ninguén se metía. Di que a propia Policía hai uns anos, cando unha muller se atrevía a facer unha denuncia, a trataban como todos eles coñecen. Esas cousas foron cambiando pouco a pouco, e cada vez máis as mulleres se saben máis fortes, son máis conscientes, e teñen máis garantías de que coas súas denuncias van ter algún tipo de apoio e

non vai a pasar o que ocorría hai algún tempo, cando non simplemente non lles servía para nada, senón que, ademais moitas veces aínda lles saía peor a xogada.

Segue dicindo que o problema da filosofía da moción que presenta o PP é que recolle dúas ideas coas que eles non están de acordo en absoluto. Unha delas é que hai un fracaso xeneralizado da loita contra a violencia de xénero. Pois ben, eles pensan que iso non é así. Di que todos os datos, todos os indicadores o din, con independencia das cifras. E por outro lado, que basean a posible solución a ese problema no reforzamento das cuestións de protección, policiais, etc. Pregúntalles como podía evitar un dispositivo de protección ou policial o asasinato que tivo lugar o outro día na área de servizo, da illa de San Simón, que tocou a Cambre tan directamente. Pregunta se van a poñer policía en todos os farois e en todas as vivendas. Di que el pensa que o problema non é ese, senón que o que hai que facer é poñer os medios necesarios, porque aínda non hai os medios necesarios, hai que desenvolver mellor as leis, hai que crear os novos xulgados especializados que aínda non existen, todo iso hai que seguir facéndoo, pero eses debates están noutros ámbitos.

Di que o que hai que ir cambiando pouco a pouco, e niso deberían ir dando exemplo todos os representantes políticos, é a conciencia social, e exemplarizar co seu comportamento que se están facendo cousas nese sentido. Iso é o que teñen que facer, procurar estar unidos neses temas. Pensa que hai cousas que os poden unir, e que hai análises políticos que os poden desunir, e que é mellor retiralos, intentar ir a vías de consenso, intentar amosarlle á nosa cidadanía que, polo menos, os representantes políticos que están aí, independentemente de calquera que sexa a sigla baixo a que están aí, que están todos no mesmo carro e empuxando na mesma dirección, nun tema tan grave como ese. O que hai que facer é intentar educar aos fillos e ás fillas, á xente, e saír á rúa igual que se ven facendo durante todos estes anos, cada vez que se produce un fenómeno destas características, un asasinato como o que viviron hai pouco.

Conclúe dicindo que iso é o que pensan que hai que facer e que coa filosofía da moción do PP non se pode concitar o acordo do BNG.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el, dende logo, non vai frivolar neste tipo de propostas e mocións. Pensa que debería existir a vontade política dos dous grupos que presentan as mocións, cre que deberían poñerse de acordo como foron capaces hai uns días de facer unha proposta unitaria nese sentido. Di isto polo ben do conxunto da sociedade e polo ben, sobre todo, das mulleres. El pide que haxa un esforzo

por parte dos grupos e que se poñan de acordo entre todos para presentar unha moción unitaria.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que quere facer unha simple puntualización para terminar. Di que, sinceramente, en nome do seu grupo que foi quen presentou a moción, están un pouco asombrados. Pensaban que non ía suscitar maior debate, e a verdade é que el está sorprendido, e non só como profesional do Dereito que se dedica todos os días a estes temas, e que ve que o que falta son policía, faltan xulgados, falta axuda, de xeito que moitas veces os avogados teñen que exercer de psicólogos coas vítimas, cando o que debería haber son oficinas especializadas de atención ás vítimas, con profesionais que puideran dar esa atención.

Di que están sorprendidos e asombrados porque o que eles piden na moción é que haxa máis policía, que se creen máis xulgados especializados en violencia de xénero, que se creen máis oficinas de atención ás vítimas, que se doten máis recursos económicos. Pregúntase se algún dos veciños presentes estaría en contra destas propostas, e pregunta ao resto dos grupos se están en contra dalgunha destas propostas, ou se están en contra de que o PP esixa, estando na oposición, ao PSOE que tome estas medidas. Di que se o PSOE non quere tomar esas medidas entón terá que explicarllo claramente aos veciños.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor explica que non se trata só de que non se estea de acordo en que o PP esixa o que lle corresponde como oposición, o que están dicindo é que, en primeiro lugar, non están de acordo coa filosofía global da moción, xa explicaron a razón, e segundo, o que están dicindo é que os ámbitos de actuación e decisión son diferentes, e que o PP nas Cortes Xerais presentou as súas propostas, moi parecidas a estas, e o PSOE e o BNG tamén as presentaron, e houbo proposicións de lei e non de lei neste sentido, que remataron co desenvolvemento cada vez mellor e maior, ao seu xuízo, da Lei de dependencia. Di que están en desacordo co ámbito de actuación do que están tratando, nada máis. Entenden que a filosofía da moción do BNG está máis dentro do ámbito local e hai é onde eles si poden actuar.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal popular.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal do BNG respecto do día 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero

Rexistrada de entrada ao núm. 14636 o día 22 de novembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“O 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero, ten que ser unha data de compromiso dos gobernos co conxunto de organizacións sociais e da cidadanía en xeral para a sensibilización e a actuación respecto do grave problema que constitúe a violencia machista.

É, pois, unha data para a denuncia activa de toda a sociedade en contra da violencia que se exerce contra as mulleres en razón do seu xénero.

Todas, todos, podemos facer algo contra a violencia machista

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero, os recursos creados para atender as mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno, mais é necesario optimizar o seu uso e achegalos con maior eficacia ás mulleres.

Por outro lado, a prioridade das accións políticas que se dirixen á atención das mulleres que padecen a violencia machista é tal que non deben verse influídas por conxunturas económicas, antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos, aínda en momentos de crise.

O papel que teñen os Concellos é fundamental, pois desde eles pódese garantir a atención, o acceso aos recursos e a prevención directamente. Así poden constituírse en modelo para todas as veciñas e veciños na actuación eficaz e posta en marcha de políticas de intervención reais e que sexan eficaces á hora de mentalizar na prevención da violencia e actuar coordinada e axilmente ante situacións deste tipo.

Este compromiso é fundamental á vista das cifras de denuncias realizadas e cifras de casos concretos de violencia que en moitas ocasións acaban coa vida das mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas.

É necesario implicar o conxunto da cidadanía, trasladarlle a información actualizada, e corresponsabilizar os axentes sociais para que poidan intervir directamente sobre os casos que se puideren dar, porque tratándose dun problema de carácter social, imbricado nos valores sociais existentes e cun carácter estrutural, que ten as orixes nas relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, precisa de medidas artelladas desde a propia sociedade.

Temos que construír unha sociedade onde o centro sexan as persoas, sen distinción de sexo, e igualitaria.

É por isto polo que cómpre a implicación de todas as administracións, tamén das municipais, no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. E son tamén os Concellos quen poden artellar mecanismos de responsabilización e implicación de toda a cidadanía para acabar coa violencia machista.

Este mesmo mes, o noso concello foi protagonista circunstancial nun novo crime contra unha muller. A condena unánime que suscitou xunto coa demostración de dor e solidariedade obríganos a redobrar esforzos na prevención e na atención ás vítimas. Os orzamentos municipais deste ano, inclúen unha partida específica para atención ás vítimas, logo de que o Pleno da Corporación aprobase unha moción presentada polo BNG o pasado ano.

Temos, pois, os medios e a sensibilidade e vontade necesaria. Precisamos organizar e estruturar estes medios e recursos para lograr a maior eficiencia na atención ás mulleres agredidas.

En consecuencia o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

Mellorar a efectividade das accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e de

seguridade, e que teñan como finalidade axilizar o acceso á atención e aos recursos para as mulleres que padecen a violencia machista.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como xa anunciou con anterioridade, o seu grupo vai apoiar esta moción do BNG porque contén unha filosofía que se corresponde máis coa súa propia filosofía política, e incide máis nos aspectos que eles consideran fundamentais, como é o propio sustrato social, en canto á concienciación, en canto a educación integral, e ademais implica un compromiso local, un compromiso no noso propio ámbito de decisión, e polo tanto o voto do seu grupo vai ser favorable a esta moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, a pesar de que unha moción non pisaba á outra, xa que piden cousas distintas, pero que en todo caso van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el fixera unha proposta para consensuar as dúas mocións, e como non foi así, neste caso tamén se vai abster.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que como xa dixo antes o seu compañeiro, están asombrados.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Cubeiro que o debate xa rematou e que a palabra tena o Sr. Iglesias, e que despois poderá falar el.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo agradece a todos os grupos o apoio amosado.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el non saía do seu asombro, pero que agora xa o entendeu. A Deputación da Coruña está gobernada polo PSOE e o BNG, o mesmo que o Concello da Coruña, e sacaron agora unha campaña informativa na que vinculan a violencia de xénero coa lingua, os que falan galego non son maltratadores, así que supón que os que falan castelán si. Di que como a moción do BNG está escrita en galego e ao do PP en castelán, supón que esa é a razón de que sexa mala.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, dille ao Sr. Cubeiro que, aínda que el non fala galego habitualmente, e fala castelán, non se considera maltratador.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que el nin se dera conta de que a moción do PP estaba en castelán.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto do financiamento dos concellos

Rexistrada de entrada ao núm. 14638 o día 22 de novembro de 2008, xunto cos rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Desde fai máis de 30 anos os concellos do Estado español viñeron reclamando unha solución xusta en materia de financiamento, solución que lonxe de achegarse foise demorando dun modo inexplicable no tempo.

Desde o inicio da democracia no noso país, todas as forzas políticas incluiron entre os seus eixes programáticos e compromisos electorais, mellorar o financiamento municipal, e sempre a FEMP espuxo como prioridade resolver o marco competencial e de financiamento dos concellos.

Non soamente foron os concellos, e os partidos políticos, senón tamén o Congreso e o Senado, cámaras de representación da soberanía popular, quen en reiteradísimas ocasións aprobaron ao longo dos anos numerosas mocións, proposicións, etc... instando ao goberno de turno a que resolvese o problema de financiamento dos concellos no conxunto do Estado.

Máis anínda, todos os presidentes de Goberno, nas reunións mantidas cos representantes dos concellos comprometéronse a abordar sen demora o marco competencial e do seu financiamento .

Durante 30 anos recoñeceuse a xustiza da reivindicación municipal, adoptáronse decisións institucionais que se incumpriron dun modo continuado polos gobernos do PP e do PSOE a nivel estatal.

Lonxe de avanzar na mellora do financiamento, nestes anos, producíronse decisións e feitos que foron agravando a situación ata límites insostibles. Os concellos, ante o deixamento doutras administracións, foron asumindo competencias impropias que se están financiando con recursos municipais cando deberían ser financiadas por outras administracións, se a iso unimos un financiamento insuficiente e inxusto, un modelo desigual, confuso e parcial, decisións como a retirada do IAE sen a compensación oportuna por parte do Estado e a crecente demanda social de servizos, podemos concluír que se chegou a unha situación realmente límite.

Así o entendeu a Asemblea da FEMP, que tivo lugar o ano pasado, que centrou boa parte do seu debate e resolucións na necesidade de abordar sen máis demora este reto, esixindo ao goberno da nación e tamén aos gobernos autonómicos que asumisen as súas responsabilidades e que abordasen xunto aos concellos un novo marco de financiamento local que non podía illarse do debate do financiamento autonómico, senón camiñar de forma conxunta e que debía perseguir dende a corresponsabilidade competencial e financeira, o obxectivo de asumir os retos da cidadanía para o século XXI.

Os concellos, os pobos e as cidades, foron auténtico motor de cambio no noso país nos últimos 30 anos, poden e deben xogar un papel clave para conseguir a igualdade de oportunidades dos cidadáns e para incrementar a cohesión social, poden e deben ser a institución que con maior rapidez e eficacia poden dar resposta ás necesidades dos cidadáns, poden e deben ser espazos de convivencia e integración e son sen ningunha dúbida o primeiro lugar ao que acoden os cidadáns buscando solución aos seus problemas, unhas veces de competencia municipal e a maioría de veces de competencia doutras administracións.

Para cubrir estes obxectivos son imprescindibles máis recursos.

A pesar de todo isto, das reclamacións da FEMP, das aprobacións do Congreso e do Senado, dos compromisos das diferentes forzas políticas a situación dos concellos é hoxe lamentable, pero en porcentaxe de asignación de recursos que fai 25 anos. Hoxe a participación dos concellos no gasto público estatal é inferior ao de fai 25 anos.

Desde EU traballamos, no marco da FEMP e a través da nosa representación nas institucións do Estado e das comunidades autónomas para que esta situación mellore, para que se aborde este tema con urxencia,, fixémoslo con lealdade, pero deixando claro que nesta materia non caben xa solucións a medias e que é o momento de abordar este asunto xunto co novo modelo de financiamento autonómico.

Cando o debate se atopaba nesta fase vímonos sorprendidos polas propostas do ministro de Economía Sr. Solbes, que incluíu entre as propostas para o anteproxecto de orzamentos que presentará o Ministerio de Economía e Facenda unha rebaixa dos recursos que van destinados aos concellos para o ano 2009. É a primeira vez nos anos de democracia que a asignación municipal no marco do Orzamento xeral do Estado podería reducirse.

Faise esta proposta por parte do goberno no marco dun debate sobre a crise e a suposta necesidade de austeridade nas contas públicas, austeridade por certo que só se prevé para a administración municipal que está sufrindo dun modo considerable a redución dos seus recursos como consecuencia da crise económica e o parón da construción.

Desde EU queremos mostrar o noso total desacordo con esta proposta por considerala inxusta, errónea desde o punto de vista político e social, por supor un claro incumprimento dos compromisos electorais do goberno do PSOE e porque unha vez máis estase pretendendo que a parte máis fráxil da administración siga asumindo grandes retos con escasos recursos.

Todos sabemos que en épocas de crise é imprescindible que existan recursos suficientes para paliar as necesidades das clases populares que son vítimas do paro, as hipotecas, o aumento dos prezos en produtos básicos, etc.... Todos/as sabemos que eses cidadáns ao primeiro lugar ao que acoden coa súa angustia e as súas necesidades é aos concellos.

Por iso reducir a achega estatal aos concellos é sen dúbida reducir o gasto social que podería axudar a que non paguen a crise en solitario, unha vez máis, os de sempre.

Por todo o exposto e ante a gravidade da situación, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Esixir ao presidente do goberno que retire a proposta de participación de ingresos do Estado prevista para os concellos, anunciada polo Ministerio de Economía e Facenda, por ser claramente insuficiente e que se comprometa a incrementar esta partida dun modo considerable respecto da aprobada nos orzamentos do 2008, de acordo coa FEMP.

2.- Esixir ao presidente do goberno que garanta un debate conxunto sobre financiamento autonómico e local que permita abordar o necesario financiamento local dun modo global e cun modelo concertado entre goberno central, gobernos autonómicos e concellos, cumprindo os mandatos realizados polo Congreso e o Senado en resolucións aprobadas nesta materia.

3.- Esixir ao presidente do goberno que poña en marcha un novo modelo de financiamento local que garanta a suficiencia financeira das entidades locais, a igualdade dos municipios, a prestación de servizos básicos de calidade para todos/as os cidadáns con independencia do municipio (grande ou pequeno).

4.- Esixir ao presidente do goberno o recoñecemento da débeda histórica municipal que se foi acumulando ao longo dos anos como consecuencia da asunción de competencias doutras administracións con recursos dos propios concellos e que están cuantificados en preto de 7000 millóns de euros, establecendo os mecanismos correspondentes para a súa compensación.

5.- Esixir ao presidente do goberno o compromiso para a aprobación dunha nova Lei de goberno local, e unha nova Lei de financiamento local, que co máis amplo consenso político, estableza o novo marco competencial municipal co financiamento adecuado e suficiente no presente período de sesións parlamentario.

6.- Esixir ás comunidades autónomas a posta en marcha de iniciativas dirixidas a abrir a participación dos concellos nos ingresos das comunidades autónomas, con obxecto de cumprir o mandato constitucional de suficiencia financeira das corporacións locais que hoxe asumen sen compensación algunha competencias claramente autonómicas.

7.- Apoiar cantas iniciativas realice a FEMP para conseguir estes obxectivos, ante a insostenibilidade da situación de financiamento municipal existente neste momento, sen excluír as medidas de presión e reivindicativas que se consideren oportunas.

8.- Propoñer á FEMP a realización de plenos en todos os concellos do Estado na mesma data para mostrar o desacordo coa situación actual, esixir un acordo de financiamento xusto e suficiente e apoiar cantas medidas se consideren oportunas para conseguir estes obxectivos.

Da presente moción daráselle traslado a:

- O presidente do goberno.
- O ministro de Economía.
- Os grupos parlamentarios do Congreso e Senado.
- O presidente da Xunta de Galicia e os grupos parlamentarios
- O movemento asociativo do concello”.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por parte do seu grupo aplauden a moción presentada. Pense que non só eles, como concelleiros, senón que tamén opina así o Goberno porque hoxe mesmo se anunciou un gasto público adicional de 9.000 millóns de euros que se distribuirá polos municipios. É unha medida do Goberno que refrenda a moción de EU-IU. Así que teñen, por un lado, que todo o que di a moción o ven moi correcto e, por outra, a satisfacción de ver que o noso goberno tamén apoia esa liña. Por todo isto, o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, responde que está de acordo con que as manifestacións feitas no día de hoxe polo Presidente do Goberno están bastante en consonancia coa moción, e agardan que se convirgan nunha realidade nun espazo de tempo moi curto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol desta moción. Di que quixera comentar que se fai referencia a que os gobernos do PP e do PSOE incumpriron dun modo continuado as súas promesas, como pensa que tamén se vai incumprir a que se anunciou hoxe, pero o PP tamén ve as cousas doutro modo. Non é só ter máis diñeiro para gastar, senón tamén non gastar tanto. Di que o goberno do Partido Popular impuxo un límite ao endebedamento que fixo

que concellos como por exemplo Cambre, pasasen de non ter liquidez e unha Tesourería moi prexudicada, a permitirlle ao Sr. concelleiro de Facenda presumir de ter 3 millóns de euros de Tesourería. Esa foi unha cousa tan sinxela como poñer un límite ao endebedamento, e lamentablemente están vendo que iso se está rompendo outra vez. Agora xa se pode volver a endebedar. Lembra un informe de Intervención moi recente, que di que a capacidade do endebedamento deste concello está o límite. Polo tanto, cre que é lamentable que se poida endebedar máis a administración, e dende logo algúns concellos mal xestionados como é o caso de Cambre.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal responde que o que ocorreu foi algo moi sinxelo. Di que cando a economía vai mal hai que recorrer a gasto público, porque cando ninguén quere gastar alguén o ten que facer para que haxa emprego no país. Di que se este concello no seu día gastou foi porque a economía ía mal e tivo que apoiar aos seus veciños. Cando a economía vai ben, se recadan impostos e se crea emprego, toca dar un paso atrás, e toca aforrar, porque a vida non é lineal, non todo é sinxelo. Ás veces toca gastar, para xerar emprego e axudar na medida que se poida aos veciños, e ás veces toca aforrar.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pregunta se co de gastar se refire ao Audi de medio millón de euros de Touriño.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles van poñer a nota discordante na moción. Di que comparten as dificultades e penurias que, en moitos casos, teñen os concellos: Tamén están de acordo en que probablemente os métodos e vías de financiamento para eles non son os máis adecuados, pero no que non están de acordo é con que sexa unha moción na que non se fai referencia ao sitio onde eles viven. É dicir, pensa que os concellos galegos, o mesmo que as deputacións, teñen unha vía de participación e de negociación co Estado e coa Xunta, que é a Federación Galega de Municipios e Provincias, na que teñen establecido xa uns criterios de negociación co Estado en función das características especiais que se teñen en Galicia. Criterios, por exemplo, como o de dispersión da poboación. En todo o conxunto do Estado hai un pouco máis de 60 e pico mil núcleos de poboación, dos cales 30 mil e pico están en Galicia, polo tanto o factor dispersión á hora do financiamento e do gasto local dun concello é unha cuestión fundamental. Di que outra cuestión, por exemplo, é a do envellecemento da poboación, que é unha cousa que se cadra non afecta moito a Cambre, que ten unha media de idade moi baixa, pero que é un caso raro con respecto ao conxunto dos concellos galegos. Quere dicir que son unha serie de características que teñen acordado

e consensuado os concellos de Galicia a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, e teñen establecido un marco, un documento ou unha proposta negociadora para mellorar o financiamento que ven do Estado, e tamén para establecer un marco negociador coa propia Xunta de Galicia para recibir os fondos doutra maneira.

Conclúe dicindo que non facer referencia a iso parécelles que é absolutamente desacertado, e aínda que entenden a vondade da intención de que teñen que ir as cousas mellor, e hai que reclamarlas, pensan que non é o canle adecuado e por ese motivo van a votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que ao mellor é un defecto del, que pensa máis en global que en local, e dille tamén ao concelleiro do PP que non é que a moción fale dos incumprimentos por parte do PP e máis do PSOE, senón que ese recoñecemento o fan os propios alcaldes deses partidos, ou sexa, que non é que o diga el.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor pregunta se se pode incluír que se dea traslado da moción á FEGAMP.

O Sr. Taibo responde que non hai problema.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez quere deixar constancia do seu asombro de que a moción do PP, na que se solicita que se inste ao Goberno distintas actuacións, non se poida facer, e agora resulta que esta de EU-IU, non só non insta, senón que esixe, e resulta que si se vai poder aprobar. Parécelle que hai un trato moi distinto segundo de quen veña a moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por dezaseis votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 13312 o día 20 de outubro de 2008, procedente do “Comité organizador de la Batalla de La Coruña” no que se comunica que na reunión

dos membros do xurado, que tivo lugar o día 8 de outubro de 2008, acordouse, por maioría absoluta, conceder ao Concello de Cambre a “*Medalla de oro de la batalla de La Coruña 1809*”. En próximas datas enviarase o programa oficial e invitación do Concello da Coruña para o almorzo de honor.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 13394 o día 21 de outubro de 2008, procedente da Comisión Europea, relativo á moción presentada por EU-IU rexeitando a xornada laboral de 65 anos, aprobada no pleno de 26 de xuño de 2008.

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.635 o día 22 de novembro de 2008, xunto coas mocións e preguntas.

1º Rogamos ao alcalde nos informe da postura do goberno local acerca do Plan sectorial galego de solo residencial.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que a postura do equipo de goberno é favorable a calquera planificación tendente a resolver problemas que xurden na sociedade. Neste caso aplauden a iniciativa da Xunta de Goberno, e concretamente da Vicepresidencia da Xunta, de fomentar o debate social e institucional. Entenden que se trata dun plan cuxos obxectivos son positivos, que favorecen o acceso á vivenda protexida, que al menos tratan de incidir, nun momento de crise económica, sobre todo do sector inmobiliario.

Continúa dicindo que, evidentemente, non están de acordo con todo o contido do plan. Van a comezar a discutilo coa Xunta de Galicia mañá mesmo, pensa que hai unha reunión na Delegación de Vivenda á que están invitados todos os voceiros, e dende aí comezarán a analizar os detalles técnicos e contido concreto do plan. Quere adiantar que, evidentemente, non comparten que non se teña feito un concurso público para coñecer cal é a oferta de solo existente que podería facilitar a xestión do plan. Tamén entenden que as mallas urbanas corresponde acabalas ao ámbito privado, e entenden que a actuación pública debería dirixirse cara aos bordes.

Di que tamén entenden que as administracións públicas, e neste caso a Xunta de Galicia, e dende o concello, van a impulsar que se garanticen os dereitos urbanísticos adquiridos polos cidadáns. Di que se propoñen deseñar un plan de información a todos os veciños que vaia comentando cales son os avances nas xestións que se inician mañá.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el escoitou que a postura é favorable, e que a aplauden.

Don Francisco Javier Varela Tejedor explica que o que dixo foi que era favorable a calquera planificación que se faga sobre calquera problemática que afecte ao conxunto da sociedade, e dixeron que o feito de que exista ese plan lles merece aplauso, e que a partir de aí haberá que comezar a discutir o contido, porque non están de acordo con todo o que se di, nin moito menos.

O Sr. Cubeiro di que el escoitou que aplauden o plan e que queren fomentar un debate. Con respecto ao debate ese plan está en período de alegacións dende o 27 de outubro, acaba o prazo de alegacións o 27 de decembro. Pasou un mes, e se non fose porque o PP e algúns veciños se foron enterando e se foron comunicando entre si, ninguén sabería nada. Cre recordar que o Sr. alcalde ao día seguinte foise de vacacións, e ata hoxe o Sr. alcalde de Cambre é o único alcalde da comarca que non dixo absolutamente nada do que opina do plan.

Continúa dicindo que o Sr. Varela Tejedor falaba de facilitar o acceso á vivenda, e claro que todos queren que se fagan vivendas de protección oficial, pero queren que se fagan dunha forma ordenada, en función da demanda existente, porque están dicindo que se necesitan 50000 vivendas de protección oficial en Galicia cando non hai un rexistro rigoroso diso. Calquera dos dous membros dunha parella ou matrimonio se pode inscribir nun rexistro da Consellería, en catro concellos distintos, e polo tanto é un rexistro que non facilita ningunha información fidedigna.

Con respecto ao acceso á vivenda, o que non se pode facer é quitarlle a uns para darlles aos outros. A quen se vai quitar sábese perfectamente, aos veciños de Cambre. Vaise expropiar a uns prezos que máis ben é unha espoliación. Se lles vai quitar, en moitos casos, a única propiedade que teñen, para urbanizar dende a Xunta de Galicia, e facer vivendas de protección oficial, soamente o 2,18 %, o resto vai ser posto no mercado para que promotores e construtores constrúan e vendan. Saben que o problema neste momento está no financiamento, a xente non ten financiamento, polo tanto os promotores e construtores

probablemente non entren niso. Insiste en que a Xunta só vai facer o 2,18% das vivendas de protección oficial que se propoñen.

Di que na Coruña vanse facer, cunha poboación de 250.000 habitantes, 2.500 vivendas. En Cambre, con 23.000 habitantes vanse facer 1.777 vivendas. Di que non lles encaixan as cantidades e non saben con que obxectivo se está facendo iso, ademais do obxectivo electoral, claro está, vai a haber unhas eleccións e é interesante gañar votos. Pero insiste en que se lle está quitando á xente, que nalgúns casos é todo o que teñen para urbanizar e venderlle a promotores e construtores.

Di que o Sr. Varela Tejedor falou de crise económica, pero el xa lle dixo que o problema está no financiamento, non está en que se expropian os solos. Tamén dixo que mañá teñen unha reunión na Delegación para discutir, iso non é certo, mañá teñen unha reunión para recibir información e para que na Delegación lles dean unha versión, a versión da Consellería de Vivenda que goberna o BNG.

Volve facer a pregunta: “Rogamos ao alcalde nos informe da postura do goberno local acerca do Plan sectorial galego de solo residencial.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que mañá, os grupos que queiran dicir algo, teñen a oportunidade de falar co Delegado de Vivenda, logo haberá unha reunión dos voceiros no concello. Ninguén di que non a que haxa vivendas sociais, quizais o que dixo o concelleiro do PP de que o número é elevado, iso é o que terán que discutir. Mañá, cada un deles, explicará e dirá o que haxa que pedir alí. Di que el quere ver o que van dicir mañá os voceiros, e co que se diga mañá, e co que se debata mañá, a semana que ven explicarán aos veciños que é o que queren. Ninguén está dicindo aquí que estean de acordo co 100% do plan. Hai que facer vivendas, lóxicamente, pero hai que facelas proporcionadas ás necesidades e situalas nos sitios que haxa que situalas. Ninguén di que se vaian a conformar co que se presentou. Mañá teñen que ir á reunión e dicir o que teñan que dicir, e despois debatirano. Onde hai que ir é ao Delegado de Vivenda, que é o que fixo este macroplanteamento. Pensa que é así como o teñen que facer, porque o que non se pode facer e que se presente un plan e que sexa o goberno o que decida el só, teñen que decidir todos. Se son moitas vivendas para Cambre haberá que pedir que se supriman e que se busque o sitio idóneo, onde sexa rendible poñelas, e sexan necesarias. Iso é o que teñen que facer, e a partir de mañá manterán reunións e cada grupo tomará a postura que pense que ten que tomar.

O Sr. Cubeiro di que xa dixo antes que pasara un mes, o prazo de alegacións é de dous meses, e xa pasou un mes, un mes perdido. Di que o PP considera que hai unha falta de información moi grande, e insiste en que o único alcalde da comarca que non se pronunciou foi o alcalde de Cambre, non sabe por que.

Continúa dicindo que o PP convocou un acto de información aos veciños mañá as 20:00 horas, no Bosque, precisamente porque hai unha desinformación importantísima. E di que está en xogo moito, non só as propiedades dos veciños, está en xogo o desenvolvemento de Cambre, non urbanístico, senón en xeral. No plan dise que non se considera necesario mellorar os accesos por consideralos suficientes, e el se pregunta se os autores dese plan coñecen Cambre, se ademais de velo dende Google o viron tamén sobre o terreo, gustaríalle sabelo. Tamén lle gustaría saber onde está o centro de saúde, que nestes momentos está saturado, saber por onde se vai a facer o acceso á autoestrada, que tamén está nestes plans, gustaríalle saber moitísimas máis cousas, pero sabelas da man do alcalde. O alcalde é o que ten que ir por diante neste caso, e dende logo non vai.

O Sr. alcalde di que mañá deben ir todos os voceiros á Delegación, e alí é onde se ten que debater o tema, e logo o tratarán no concello. Mañá teñen a oportunidade de que quen fixo este plan explique os motivos polo que o fixo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a eles se lles dixo que esa reunión ía ser o mércores, logo se lles dixo que ía ser o venres. Di que, de todos modos, mañá van a escoitar a postura da Consellería de Vivenda, pero eles teñen a súa e queren expoñerlla aos veciños. E máis que iso o que queren é que os veciños saiban exactamente que é o que está pasando, cal é a situación real, porque lles preocupa moito que na documentación oficial da Xunta, que se pode ler en moitos sitios, dise que se negociou o plan con todos os alcaldes. Pregunta ao Sr. alcalde se negociou algo ou non.

O Sr. alcalde resposta que non se negociou nada.

Pregunta o Sr. Cubeiro se entón a Consellería de Vivenda, onde di que se negociou con todos os alcaldes dos concellos, está faltando á verdade.

O Sr. alcalde contesta que mañá se verá, e que con el non falaron.

2º Recentemente varios medios de comunicación anunciaron que o trazado do AVE ao seu paso polo noso municipio sería modificado. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe destas novidades.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, efectivamente, nos medios de comunicación se recolleu esa noticia e, ademais, o concello a nivel oficial recibiu un escrito do Ministerio de Fomento no que se lles anuncia que se está estudando un novo trazado. Como consecuencia dese escrito dirixíronse ao Ministerio para que no momento en que teñan maior información os convoquen a unha reunión para explicar que é o que pretenden facer e en función de que están estudando un novo trazado. O director xeral de Ferrocarrís, don Eduardo Molina, prometeulle esta mañá por teléfono que os van a recibir antes do 15 de decembro para explicarlles en que posición están tecnicamente neste momento, pero o trazado non o coñecen.

3º No pasado pleno extraordinario descubrimos que o Concello de Cambre está perdendo todos os anos máis de 400 mil m³ de auga ao ano debido á ineficacia do goberno local para mellorar a xestión da subministración. Esta perda supónnos un importe de arredor de 300 mil euros aos veciños de Cambre, que debemos pagar por un servizo perdido. Rogamos ao equipo de goberno nos informe detalladamente dos motivos polos que se están sufrindo as ditas perdas e das xestións que se están levando a cabo para solucionarlas.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, pleno tras pleno, lle di ao Sr. Cubeiro que sexa rigoroso. Hoxe acaba de dicir que se perdían tantos litros de auga, algo que xa sabían, cando o certo é que no seu escrito utiliza a expresión “descubrimos”, ou sexa, que unhas veces din que o descubriron e outras que xa o sabían. Di que non sabían nada, que souberon que hai unha perda de auga porque el mesmo llelo dixo nun pleno, pero que o Sr. Cubeiro levaba aquí un ano e medio e puido ter preguntado pola factura da auga que é de 2 millóns de euros, tal e como figura nos orzamentos, e puido ter preguntado nalgún momento que pasaba con iso, e puido ter pedido as contas da auga, pero non o fixo. Di que foi a súa concellería a que lle deu esa información, polo que se alguén está preocupado por ese tema, son eles.

Engade que son eles os que dan a información, e despois o Sr. Cubeiro a cambia, ou non a le, ou non a estuda, ou non sabe o que fai, porque diñeiro teñen. Di que o PP ten ao ano 21.000 euros de subvención do concello para poder gastar en persoal que estude a documentación, pero non sabe en que o gastan, porque en estudala non é. O que se dixo neste concello era que había 400.000 m³, a 27 céntimos/m³, e o que se perde ao ano son,

máis ou menos, 90.000 euros. Di que o Sr. Cubeiro falou de 300.000 euros de perdas, pero que iso ocorre porque a tarifa é moi baixa e o concello está subvencionando con 210.000 euros aos veciños. Se a tarifa estivera axustada cobrarían ese importe. Di que perden porque os investimentos que se fan na auga, como pode ser os cambios da tubaxe, non se repercute no prezo. Por iso, por exemplo, en Culleredo a auga está un 30 % máis cara que en Cambre, e a auga de Oleiros está un 15 % máis cara. Di que claro que se perde diñeiro, pero que non se perde diñeiro por ineficacia, senón porque non queren cobrar aos veciños un prezo tan elevado como se cobra noutros sitios.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez respóndelle ao Sr. Salcines que están no apartado de rogos, e que o rogo era que o equipo de goberno informase detalladamente dos motivos polos que se están sufrindo as ditas perdas e das xestións que se están levando a cabo para solucionarlas. Iso foi o que preguntou, di que el está na oposición e que un dos seus dereitos é preguntar, neste caso a través dun rogo. E a obriga do Sr. Salcines é contestar, pero como non sabe, sempre ven coa leira dos 21.000 euros que se pagan aos partidos. Pídelle que non lle faga falar desas cousas, que non lle faga falar dos seus gastos de representación, que non lle faga falar de cartos.

Quérelle dicir que o grupo municipal do PP denunciou en varias ocasións que Cambre, a pesar de ter o encoro de Cecebre e a planta de tratamento de auga da Telva, a pesar de subministrar o servizo a toda a área metropolitana, é o único concello que en verán sofre restricións. Di que en Cambre teñen unha tubaxe de diámetro insuficiente, polo crecemento urbanístico desaforado, teñen unha tubaxe obsoleta, que ten fugas, e en verán, cando sube a presión, esas fugas aumentan. Iso é o que veñen denunciando dende hai moito tempo, pero non sabe en que pensa o Sr. Salcines cando está aí. Di que o concelleiro do PSOE non escoita, e que así llo veñen dicindo. Tamén lle dixeron que en Cambre cando unha empresa fai unha obra na rúa e rompe os tubos, non se lle cobra nada por esa rotura nin pola auga que se perde. Iso están a pagalo os veciños, e o que eles preguntan é que vai facer para solucionar iso, se é que sabe como solucionaralo, ou se é que realmente coñece o problema.

Di que perder 400000 m³ é un dato, e que en verán o goberno soluciónao facendo unhas xornadas chamadas EcoCambre para fomentar o consumo responsable de auga en Cambre. O concello perde 400000 m³ e dinlle aos veciños que pechen a billa ao lavar os dentes.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.675 o día 24 de novembro de 2008, xunto coas preguntas.

1º Sobre o Plan de vivenda protexida en exposición pública. Solicitamos que se poñan en marcha os mecanismos políticos e técnicos necesarios que permitan unha posición consensuada municipal co obxectivo de mellorar os deseños dos proxectos presentados e, que reforcen a posición do concello no diálogo coa Consellaría de Vivenda. Así mesmo que se facilite desde a administración municipal información e asesoramento aos propietarios afectados que lles permita mellor defender os seus intereses. Dada a urxencia, o período de exposición pública remata o 27 de decembro, instamos a que se axilice este proceso.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, tal e como dixo antes, evidentemente están totalmente de acordo con que se teña feito un plan dese tipo, aínda que non estean totalmente de acordo co seu contido. Parécelles importante e interesante que haxa un plan, e a partir de aí, discutirán. Di que oiu á propia conselleira e ao propio vicepresidente dicir que o plan estaba aberto a calquera tipo de suxestións e posicionamentos dos concellos. Di que a partir da reunión que terán mañá, e de que teñan unha información máis exhaustiva de cal é a postura política e técnica da Consellería de Vivenda, dende o concello se van a fomentar e garantir os dereitos urbanísticos adquiridos polos diferentes cidadáns, e vaise a fomentar a reunión dos grupos políticos que constitúen a corporación para establecer un plan que permita que os cidadáns estean informados, e que garantice suficientemente un desenvolvemento armónico e equilibrado de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que agradecen esa posición. Di que o que si hai que recoñecer, e cre que así o ven todos, é que a posición da Consellería neste caso é totalmente flexible e aberta e que está disposta a todo tipo de negociacións, en primeiro lugar cos concellos onde se propón este plan e, en segundo lugar, cos propietarios afectados nos diferentes ámbitos. Di que el mesmo, xa a semana pasada, se dirixiu a algún dos representantes dos afectados para ofrecer a posibilidade de que o BNG da Consellería de Vivenda tivera unha reunión con eles para explicar puntos e detalles de en que consiste o plan, precisamente para evitar que reine a desinformación e a intranquilidade e dea lugar a caldos de cultivo propicios para demagoxias e irresponsabilidades, que é o que cre que non convén a ninguén.

Continúa dicindo que eles consideran que o acceso á vivenda é un dos problemas máis importantes que ten a poboación, e que é un problema que se vai ir incrementando, sobre todo para a xente nova. Di que iso hai que facilitalo con medidas dende a administración,

con medidas entre o concello e a Xunta de Galicia, e cren que unha achega, un investimento de 50 millóns de euros do goberno autonómico para podelo facer, cren que é unha oportunidade para Cambre, para poder desenvolver un urbanismo adecuado ao que se necesita hoxe en día.

Di que tamén quere lembrar que, aínda que se poida modificar no que sexa necesario, reducir, ampliar ou cambiar, que as previsións iniciais son de 350.000 m², que colle todo o plan, e que deles 120.000 son para espazos verdes, 33.500 son para zonas de equipamento, onde se construírían os equipamentos públicos, educativos, sanitarios, deportivos, que fixera falta, que hai 1.000 e pico de prazas de aparcamento e que, polo tanto, practicamente a metade dese ámbito vai ser para utilización pública, iso sen sumarlle viais e outras cousas.

Polo tanto, pensa que hai que melloralo en todo o posible, que hai que intentar facer ese esforzo consensuado entre todos, eles están dispostos a chegar a eses acordos, e pensa que hai unha cousa importante que facer, ver que os propietarios dos terreos vexan satisfeitas as súas necesidades, intentar dentro do posible que sexa unha mínima parte a que se vexa afectada, e que os afectados teñan as compensacións xustas para poder desenvolver a súa vida na proximidade de onde o están facendo agora.

2º Sobre o transporte de proximidade. Ao longo da lexislatura temos falado en varias ocasións da situación do transporte de viaxeiros de proximidade, tanto por estrada como por ferrocarril. Este Pleno ten acadado acordos e, o goberno, tense comprometido a diferentes cuestións, entre outras a realiza unha campaña de difusión e promoción do transporte ferroviario sen que até o momento teñamos coñecemento da súa posta en marcha.

Tamén, respecto dos autobuses, temos falado en máis dunha ocasión da saturación dos que fan a liña da Coruña das primeiras horas da mañá, con unidades saturadas e con atrasos nos horarios de servizo.

Instamos ao goberno municipal a que:

- se poña en marcha a campaña de promoción e difusión do transporte ferroviario
- se negocie coa compañía concesionaria o reforzamento dos servizos de buses das primeiras horas que eviten os atrasos e a saturación dos buses.

Suxerimos, ademais, que dentro desa negociación entre a posibilidade de que en determinadas horas poida haber buses que se acheguen á Coruña a través da autoestrada AP-9.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que respecto do primeiro punto, sobre a campaña de difusión e promoción do transporte ferroviario, ten que admitir a súa culpabilidade, xa que era un tema do que se tiña preocupado el persoalmente, e que por motivos de saúde non puido terminar. Di que fixo os contactos para que o organizasen as Universidades de Santiago e da Coruña conxuntamente, xunto con Renfe, e viuse obrigado a suspender eses contactos por enfermidade, pero promete retomalos proximamente.

Respecto do transporte por estrada di que recentemente houbo unha nova reunión sobre o transporte metropolitano na que se acordou que as frecuencias que ata agora son de 30 minutos pasen a ser cada 20, sobre todo nas horas punta, e implementar máis frecuencias en determinadas liñas, cre recordar que en Sigrás, engadindo un itinerario novo, ademais do existente actual da N-VI.

Conclúe dicindo que, en canto á suxestión que o BNG fai en último lugar, non sabe se será posible legalmente, por canto os transportes regulares teñen un itinerario preestablecido, pero con gusto trasladarán esta postura, que lle parece interesante a priori, á Comisión de transporte metropolitano.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, agradece a resposta e di que o último punto o fan, efectivamente, como unha suxestión, non como algo que se teña que decidir aquí, porque poden haber cuestións xurídicas que o impidan. Pero di que a idea é moi fácil, os buses da primeira hora da mañá, ata as 8 ou 8:30, cando chegan ao Temple van totalmente saturados, nese momento sería adecuado que en lugar de coller polo Burgo, por calquera das dúas vías que van, pola circunvalación ou polo centro, pois que xa vaian directamente á Coruña, co que facilitarían a chegada ao centro da cidade a moitos traballadores e estudantes de Cambre que teñen que pasar outros 20 minutos ou media hora de percorrido pola outra estrada. Apúntano como suxestión e pensan que é razoable, e que se hai cuestións xurídicas e técnicas que se poden salvar, sería unha boa cousa.

Don Francisco Javier Varela Tejedor reitera que como suxestión se lle trasladará á Comisión competente.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.638 o día 22 de novembro de 2008, xunto coas mocións e preguntas.

1º A Comisión executiva da FEMP aprobou unha resolución de varios puntos na que propón aos concellos unha serie de medidas de austeridade co fin de afrontar a situación de crise económica e contribuír a paliar os seus efectos.

Co ánimo de promover plans de austeridade e contención do gasto público, tentando que os próximos orzamentos sexan solidarios. O noso grupo quere dar un primeiro paso, e propón as seguintes medidas a tomar:

- 1.- Promover a conxelación dos soldos correspondentes aos membros da corporación con dedicación parcial no exercicio do ano 2009. Do mesmo xeito conxelaranse os soldos e axudas de custo dos cargos de confianza política no concello.
- 2.- Co mesmo obxectivo, conxelaranse as partidas orzamentarias relacionadas coas axudas de custo dos cargos electos por asistir a plenos, xuntas de goberno, comisións informativas e xunta de voceiros.
- 3.- Tentar reducir o máximo posible as horas extras de todo o persoal do concello.
- 4.- Redución dos gastos de publicidade, propaganda, protocolo e representación.
- 5.- Maior contención nos gastos derivados dos servizos de hostelería que habitualmente se contratan para recepcións e eventos.
- 6.- De conformidade con estes criterios de austeridade, na elaboración dos orzamentos procurarase o mantemento nominal excepto naquelas partidas cuxo aumento sexa inevitable (por exemplo: calefacción, electricidade, etc.) e favoreceranse as medidas necesarias co fin de realizar un reaxuste orzamentario nas partidas do capítulo 2, relativo aos gastos correntes.

As medidas contemplarán que dos gastos vinculados aos Servizos Sociais non serán recurtadas en ningún caso.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU prega ao goberno municipal que adopte levar a cabo as medidas expostas, e demais iniciativas encamiñadas a promover un Plan de austeridade, na procura dunha maior eficiencia do gasto nos fondos públicos.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que quere facer unha pregunta que pode parecer un pouco estúpida, pero que despois vai a xustificar. Pregúntalle ao Sr. Taibo se pensa que isto é o importante, que esas medidas que propón son moi importantes, tanto como para dicir que se inclúen todo isto nos futuros

orxamentos terán o voto de EU-IU. Pregúntalle que se inclúen todo o que propón, que posiblemente si o fagan, se van ter o voto de EU-IU cando fagan os orxamentos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que el non sabe se é estúpido, pero o que trata é de ser respectuoso, educado e non ser chulo. Di que do que se trata aquí é de que dentro da corporación de Cambre el cre que estes gastos son mínimos, pero eles como representantes dos veciños teñen a obriga de dar exemplo, e esta é unha boa forma de dar exemplo, coa contención dese tipo de gastos, gastos que moitas veces son supérfluos, que se está tirando co diñeiro. Os responsables do goberno, e o Sr. Salcines como máximo responsable de Facenda, é un dos que debería dar exemplo e tomar este tipo de medidas, e así llelo está indicando o seu partido, e así se están tomando unha serie de medidas en distintas corporacións.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que el ten o maior dos respectos polo concelleiro de EU-IU, e que se o problema foi que el se explicou mal, entón pídelle desculpas. O que dixo foi que a súa pregunta podía parecer estúpida, en ningún caso se refería ao concelleiro de EU-IU a quen ten o máximo dos respectos, como cre que sempre lle ten demostrado.

O que quería dicirlle é que eles si pensan que esta medida é positiva, e van a apoiala. Xa o fixeron nos outros orxamentos, e van a volver a facelo. Xa levan tempo traballando nesta liña, de feito, a partida de protocolo foi practicamente conxelada nos últimos orxamentos. Parécelles ben e alaban a medida, só quería dicirlle que lles gustaría, cando tomen esas medidas, que EU-IU lles dea o seu apoio. Iso era o que lle quería dicir, e tamén que teña claro que iso van a apoialo.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que no seu momento contará co apoio de EU-IU se así o consideran oportuno, e se as propostas que fan son en beneficio do conxunto dos cidadáns de Cambre, nese caso dille que non teña dúbida de que os van apoiar.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que lle quere facer un apuntamento ao Sr. Taibo. Dille que a partida de atencións protocolarias do orxamento do 2007, que non aprobou este goberno, era de 87.522 euros, a de 2008 foi de 78.865.

2º Recentemente foi presentado o novo Plan de vivenda pública para a comarca, que a Consellería de Vivenda e Solo promoverá nos próximos anos.

Este plan sectorial prevé edificar 1.777 vivendas no noso concello en lugares pertencentes ás parroquias do Temple e Cambre, cun custo de 49,6 millóns de euros.

Ante a incerteza dos veciños/as, en especial os da Barcala-Fontenla que ven as súas propiedades ameazadas, e en demanda dunha información máis precisa dos responsables municipais para realizar unha valoración o máis obxectiva posible por parte do conxunto da corporación municipal, respecto do mencionado plan, tendo en conta as consecuencias que se poden derivar del:

O noso grupo municipal solicita do goberno que convoque con urxencia a Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos; ou no se caso a Comisión Especial para o PXOM, co fin de informarnos polo miúdo sobre o Plan sectorial galego do solo, e a súa incidencia para o noso concello.

Habilitar no concello unha oficina de información permanente, para a atencións aos veciños/as, ata o remate do prazo de presentación das alegacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que considera que este rogo está suficientemente debatido, pero que lle gustaría que lle responderan se o concello ten pensado habilitar unha oficina de información, porque a verdade é que hai unha incerteza xeneralizada entre os veciños afectados por ese plan, e a información é mínima. A xente ven ao concello e non sabe a quen dirixirse, polo que pensa que non estaría de máis, como se fixo noutras ocasións, que se habilite a unhas persoas ou departamento onde se ofrezca información, onde se facilite un plano, pois é unha obriga da corporación.

O Sr. alcalde responde que a partir da reunión de mañá o luns se abrirá unha oficina de información. Mañá se aclararán co Delegado puntos que están sen concretar, e a partir do luns se habilitará unha oficina para asesorar e para axudar a facer as alegacións que sexan necesarias.

3º Varios concellos do Estado xa teñen acadado unha sentenza xudicial favorable ás demandas presentadas para conseguir compensacións económicas derivadas da exención do Imposto de bens inmobles (IBI) a favor das empresas concesionarias de autoestradas de peaxe, por ter recoñecido por lei unha bonificación do 95% que terían que pagar as empresas aos concellos onde discorre o seu trazado.

Sirva como exemplo, que no ano 2007 o noso concello debería ter ingresado polo pago do IBI de Audasa 177.662,77 euros, percibindo soamente 8.813,14 euros, correspondentes ao aboamento do 5% do imposto, deixando de ingresar as arcas municipais 168.849,63 euros.

O grupo municipal de EU-IU considera que non existe xustificación suficiente para seguir mantendo a aplicación desta bonificación sen que sexa compensada, tendo en conta que o IBI é un imposto local, e a bonificación causa “un importante prexuízo ao concello, incrementando a insuficiencia financeira”; polo que o noso grupo:

Solicita do goberno municipal que promova algún tipo de medidas co fin de que o noso concello sexa compensado pola bonificación fiscal do 95% do IBI, que se recoñece á empresa concesionaria da autoestrada AP-9 que discorre polo noso concello.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que agradece a pregunta, non só en canto pregunta senón tamén pola información que lle dá ao concello. Di que dende o momento que a recibiron déronlle traslado aos técnicos municipais, os cales se puxeron a traballar nese tema.

Sinala que tanto a pregunta como o que se propón lle parece moi correcto, pero tamén lle quere pedir apoio e axuda ao Sr. Taibo para que se el ten acceso, a través do seu grupo, ás sentenzas a que fai referencia, lles poida trasladar unha copia aos técnicos municipais que van a traballar no tema, para que poidan avanzar máis rápido nesa liña.

Conclúe dicíndolle ao voceiro de EU-IU que, obviamente, se ven luz no camiño que lles indica, que non teña dúbida de que o van a seguir.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, responde que terán a súa colaboración en todo o que se poida, pero que consideran que o grupo de goberno ten recursos máis que suficientes para poder facer as preguntas e xestións que estimen necesarias. Di que a título informativo pode enumerar en España os concellos de Pola de Lena, Cenicero, O Espinar, Riofrío ou Pedro Muñoz, xa teñen sentenzas favorables para a compensación dese pago. Di que en España hai máis de 20 concellos con sentenzas favorables.

Continúa dicindo que lle parece que tamén a FEGAMP xa está facendo xestións administrativas nese ámbito, e que as xestións xurídicas que faga o concello poderían ir paralelas a esas actuacións, porque unha cousa non quita a outra.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.701 o día 24 de novembro de 2008.

1º Rogo se informe por parte do goberno municipal, que opinión lle merece o Plan de vivendas sociais da Xunta.

Dáse por contestado.

2º Rogo se informe por parte do goberno municipal, cantos metros cúbicos de auga se cobraron nos últimos dous anos, aos responsables de roturas nas redes de abastecemento, e cantos metros cúbicos se perderon por este concepto.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que como antes houbo un debate un pouco acalorado co PP, non tivo oportunidade de dar toda a información que ten sobre o tema.

Di que pediron información a Augaservi, e que a información que lles deron pensa que tamén pode servir de resposta a unha pregunta que vai facer despois o BNG. Díxolles Augaservi que entre os motivos para a perda de auga están, en primeiro lugar, os contadores de aboados que contan de menos. Din que segundo estudos realizados, ao cabo de 8 ou 10 anos os contadores deberían ser remprazados. Cando se detectan eses fallos, envíase comunicación aos aboados para que o rempracen, aínda que non todos os aboados o fan.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), intervén para sinalarlle ao Sr. Salcines que o que está contestando non ten nada que ver coa súa pregunta, que parece que lle está contestando ao PP, e que iso xa o fixo antes, e que se non que o tivera feito mellor. Repítelle que el o que preguntou foi cantos metros cúbicos de auga se cobraron nos últimos dous anos aos responsables de roturas nas redes de abastecemento, e cantos metros cúbicos se perderon por este concepto.

Di que el está falando de roturas por terceiras persoas, non de contadores.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que lle trasladaron esa pregunta aos técnicos, e que é unha pregunta que lles obriga a mirar os arquivos históricos do concello, e que lle darán a información en canto a teñan. Tamén lle di ao Sr. Marante que, para que quede

claro, un metro cúbico de auga custa 27 céntimos, 10 metros cúbicos, pouco máis, 2 euros e pico, e que, polo tanto, ás veces un ve unha fuga puntual dunha ou dous horas, e pode crer que o custo é moi elevado, cando o que terían que cobrar á compañía pode que non sexa máis de 8 ou 10 euros. Di que así pode ocorrer que o custo administrativo de xerar un expediente sancionador ao causante dunha fuga dun cuarto de hora, pode ser moito máis caro que o que van a recadar.

Don Manuel Marante Gómez di que iso pode parecer lóxico, e que os 400.000 m³ dos que se falaba antes a 27 céntimos/m³ pode parecer que non son nada, pero que no estudo económico-financieiro que se trouxo ao pleno pasado para aprobar as taxas aparecía un custo de 2.452.455 euros e uns ingresos de 1.493.000, ou sexa, un déficit de 959.000 euros, non de 95.000 euros como dixo hai pouco o Sr. Salcines.

O Sr. Salcines di que o dato é certo, pero non a lectura que lle dá o concelleiro do GM (PG). Di que a diferenza son as amortizacións. O problema é que o que se gasta en investimentos non se inclúe na tarifa. Cando se fai unha nova tubaxe paga o concello, e ese custo non repercute, é unha perda non pola auga, senón por non repercutir o amortizado.

Don Manuel Marante Gómez preguntalle ao Sr. Salcines se coñece o contrato da auga, se sabe que porcentaxe ten de perdas sen que a compañía teña que aboar ao concello o resto. Di que xa llo di el, que é un 10 %. Di que un 10 % do consumo global tería que cubrirse polo concello, pero que a perda que se está xerando, por uns motivos ou por outros, é dun 25 % aproximadamente, e ese 15 % a empresa ten que xustificar onde se perde. Esa xustificación faise cando un terceiro, empresa ou particular, rompe unha tubaxe e marchan un montón de metros cúbicos. Neses casos si se fai un informe por parte dos técnicos municipais facendo unha valoración de cantos metros cúbicos se perderon. Di que llo explica para que non teña que preguntar aos técnicos outra vez. Sinala que ese 15 % ou o paga a empresa Augaservi, ou ten que xustificarse onde se perderon. Augaservi non paga porque os informes dos técnicos xustifican onde se perdeu a auga, pero tampouco se lle cobra aos que rompen a tubaxe. Ademáis di que non se trata só do que custa o metro cúbico de auga, senón que a tubaxe tamén se ten que arranxar, e non se lle cobra nada a ninguén. Pagan os veciños de Cambre despois.

Conclúe dicindo que o que el preguntaba era cantos metros se perderon e cantos se cobraron, se non llo quere dicir, que non llo diga.

O Sr. Salcines responde que se lle pregunta onde se perde a auga, iso pode contestarllo.

O Sr. Marante manifesta que antes lle dixo que tiña que preguntar aos técnicos.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o que ten que pedir aos técnicos é o histórico de canto se cobrou en caso de roturas. Tamén lle di o outro, que se cobra cando compensa, para cobrar cinco euros, non se cobra, iso está claro.

Don Manuel Marante Gómez di que a pregunta a fai para o pleno de hoxe, non para que lle contesten o ano que ven.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, expón que a rotura que houbo na zona do Temple si se informou polos técnicos municipais, e que é a que por agora coñece que se ten feito.

Don Manuel Marante Gómez responde que si sabe que se informa polos técnicos, pero que despois non se lle pasa a factura a ninguén, nin se denuncia nin se cobra a ninguén. Supón que nalgún caixón estarán metidos os informes. Di que iso é o triste, e iso é o que estaba preguntando.

3º Rogo se informe por parte do goberno municipal, cales son os motivos polos que sube a taxa pola subministración de auga para o consumo doméstico un 8%, sabendo que o IPC previsto estará ao redor dun 5%.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que quere aclarar neste rogo que, cando houbo o pleno das taxas, saiu na prensa que o Concello de Cambre bonificaba o servizo de auga. Di que iso foi para unhas cantas familias numerosas, e que con iso están todos de acordo. Pero di que como lles gusta compararse con concellos da zona, tamén quere dicir que saiu hoxe na prensa que o Concello de Culleredo conxela as taxas da subministración da auga, ou sexa, Cambre sube un 8%. Di que a xustificación que deron no pleno pasado para subir as taxas foi precisamente o informe económico-financeiro da auga e rede de sumidoiros, di que ao mellor era para pagar eses 400.000 m³.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que a auga subiu de 37 céntimos a 40 céntimos/m³ para unha familia cun consumo normal. Di que iso supón que para unha familia de dous membros que viva nun piso, e que consuma unha media de 30 m³, a auga subiu 90 céntimos ao mes, nun recibo trimestral a subida é de 2,7

euros. Nunha familia de catro membros a subida trimestral sería de 5 euros. Di que ese é o custo da subida que tiveron, que aprobaron e que xa discutiron no pasado pleno.

Don Manuel Marante Gómez responde que o Sr. Salcines fala de céntimos ou de porcentaxes segundo lle conveña, pero que a verdade é que sube un 8%, e que a un empregado calquera o soldo súbelle un 5%, un 4%, un 3%, ou o que sexa, non dous, tres ou catro euros, súbenlle unha porcentaxe. Di que en época de crises eles mesmos dixeron que hai que apretarse o cinto, pero que a quen llo están apretando é aos veciños.

Di que o triste é que eles suben un 8% aos veciños, e EMALCSA sube un 5,6% ao concello. E conclúe dicindo que continúen facendo negocios cos veciños, que así van ben.

O Sr. Salcines contesta que se fixeran negocio cos veciños non perderían cada ano na auga medio millón de euros.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14.635 o día 22 de novembro de 2008, xunto coas mocións e rogos.

1ª Moitos dos cadros que se presentan ao XXV Certame de Pintura deste municipio están valorados en máis de mil euros cada un. Parécelle oportuno ao equipo de goberno que as obras se atopen almacenadas sen ningún tipo de protección no local municipal da Praza de Europa?

O Sr. alcalde contesta que se trata dun local provisional que polo prazo dun mes está ao servizo da Concellería de Cultura e que, en principio, non debería pasar nada, porque a única chave que hai é a da Concellería. Quizais non sexa o máis idóneo pero mentres non haxa un lugar máis acorde así se está facendo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que ese local non é da Concellería de Cultura, senón que é o local dos grupos municipais, e os concelleiros teñen chave, e el non saben quen máis ten chave, pero é que ademais, se un deles ten que ir ao baño é moi probable que tropece cos cadros que están almacenados nos pasillos. Di que a súa pregunta é se lles parece oportuno que cadros que se supón que teñen un mérito importante para presentarse a ese concurso que estean almacenados como tamén estiveron almacenados no seu día nese mesmo salón de plenos, na parte de atrás.

O Sr. alcalde responde que agarda que este mes termine esa situación.

2ª Veciños do Temple informáronnos de que o servizo de pediatría do centro de saúde reduciu o seu horario de 9 a 11:30 horas e que non recuperará o seu horario habitual ata o próximo 9 de decembro. Ten constancia o equipo de goberno deste feito? Realizou algunha xestión para que aumente permanentemente o horario de pediatría no Temple?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que estivo en contacto telefónico coa xerente do Sergas, Mª Jesús Cerecedo, e que lle dixo que se atopa de vacacións a pediatra, dende o 17 de novembro ata o día 6, é dicir, que se incorporará a semana que ven. Díxolle que a consulta de pediatría está a funcionar dende as 9 da mañá ata as 11:30, e que lle gustaría poder ter varios pediatras a xornada completa, pero que hai un problema moi grande que non sabe como solucionar, e que é que non atopan pediatras desempregados, non atopan a ninguén para poder solucionar o problema, pero que tan pronto haxa médicos pediatras facultativos para acceder á contratación laboral, farase de inmediato.

Continúa dicindo que o que é a consulta de pediatría do Temple é provisional dende o 17 de novembro ata o día 6, cando se reanudará a actividade normal, e que mentres tanto é o médico de familia o que está asumindo as funcións e non por iso os nenos están sendo desatendidos. Di que tamén está o servizo de urxencias de Cambre que é o que está funcionando con normalidade.

Conclúe dicindo que ela segue insistindo, que recibiron resposta por escrito, que eles enviaron un informe, e que non deixan de insistir no tema dos pediatras. Parece ser que en Portugal ou Inglaterra pode haber algún, pero que agora mesmo aquí non hai un só pediatra desempregado para poder contratalo, e que aínda así en Cambre contan coa vantaxe, respecto doutros concellos, de que contan cun pediatra substituindo ao pediatra que se vai, porque hai concellos que carecen deles. Polo menos, contan cun pediatra de 9 a 11:30 no Temple.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do BNG, agradece as xestións feitas pola Sra. concelleira, pero salienta que non lle parece normal que unha poboación como O Temple, con tantísimos nenos, non conte cun pediatra, e que agora están falando de abrir un novo centro de saúde enorme, o que lles parece moi ben, pero que despois vai resultar que non vai haber pediatras para atendelos. Non pode entender que pase iso nunha zona de

poboación coas previsións de crecemento que hai no Temple. Pensa que haberá que darlle algunha solución ao problema, e aos pais, xa que se está facendo imposible conciliar a vida familiar e laboral cando, por exemplo, se ten que levar a un neno ao pediatra cuns horarios tan estritos.

3ª Hai varios meses o noso grupo denunciou publicamente os movementos, polo menos estranos, que se tiñan realizado con parte dos fondos públicos municipais. Esta xestión puidonos ter custado un vehículo adaptado que unha caixa de aforros tiña adxudicado ao noso concello. Recibiu o goberno municipal o vehículo?

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que na Concellería de Facenda se propuxeron que cando o concello deposite os seus fondos nunha entidade o faga a cambio de diñeiro, non a cambio de regalos. Despois será o concello e o equipo de goberno o que tome a decisión de onde inviste o diñeiro recibido polos seus depósitos. Di que esa é a filosofía do grupo de goberno.

Engade que, dito isto, dende que puxeron en marcha esta nova xestión ingresaron, a maiores do que se ingresaba antes, máis de 90.000 euros e hai entidades financeiras, e particularmente unha caixa de aforros, que deu, sen pedir nada a cambio, axudas practicamente equivalentes ao custo dun vehículo adaptado.

Segue dicindo que, ademais, nestes momentos non desexan un vehículo adaptado porque o goberno da Xunta de Galicia, en concreto Vicepresidencia, anunciou que previsiblemente haberá axudas para a compra deste tipo de vehículos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que el simplemente preguntou, e que a pregunta era se o goberno municipal recibira o vehículo, e a resposta e non. Di que isto ven a conto do movemento dos fondos municipais. Estaban depositados nunha entidade que colaboraba en actos culturais con concello e que tiña concedido un vehículo adaptado para transporte de minusválidos a este concello. Di que debido a uns movementos que foron cando menos estraños, ese vehículo non vai a vir para Cambre.

Continúa dicindo que o Sr. concelleiro de Facenda, nese pleno, non só non recoñeceu o seu erro, senón que dixo que lles ían axudar máis, ou sexa, que se quita o diñeiro de aí, e por riba lles van a dar máis axudas. A realidade é que as axudas son cero e que o vehículo non viu para Cambre, e esa era a resposta correcta.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14.675 o día 24 de novembro de 2008, xunto cos rogos.

1ª O estudo económico sobre o funcionamento do servizo de subministración de auga non deixa lugar a dúbidas, prodúcese unha perda de 400.000m³ que non son facturados. Que medidas van adoptar para evitar este despilfarro ?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que solicitaron un informe a Augaservi, e ese informe indica catro causas posibles de perda de auga, e unha porcentaxe do 20%. Pensan que este informe debe ser revisado por un equipo técnico do concello e cotexalo co resto dos concellos limítrofes.

Di que saben que hai algúns concellos, como o de Oleiros, que parece ser que ten unhas perdas similares ás de Cambre, non obstante, eles queren comprobar se esa porcentaxe do 20% é unha porcentaxe normal de perda, ou non, e queren saber tamén que se pode facer.

Sinala que, dende logo, o que está claro é que dende a Concellería de Facenda e dende a Concellería de Obras van a crear unha comisión especial que analice todo este proceso e chegue, no menor prazo posible, a un plan para que se poidan minimizar esas perdas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o Sr. Salcines constestou ao que lle preguntaba. O que eles queren saber é que medidas van a tomar, e se non se van a tomar medidas. Pensa que unha vez detectado, mediante ese informe, que se produce esa situación, o que lle corresponde ao goberno é gobernar e defender o interese público, que é minorizar no posible as perdas, e que se cobre a maior cantidade posible de auga.

Di que lles gustaría ter copia do informe e, a partir de aí, que se adopten as conclusións e as accións de goberno que sexan precisas para que a situación non se siga repetindo. Di que todo o mundo é consciente de que o 100% da auga que se compra é imposible facturala, pero que as porcentaxes de perdas sexan mínimas e que non cheguen a eses extremos. Di que esa é a responsabilidade do goberno, e a deles, na oposición, é controlar que o goberno cumpra, e por iso seguirán preguntando no futuro para ver como van as cousas.

2ª Cal é o informe que fai o concello sobre o proxecto de ampliación do CEIP do Graxal e, como está a situación respecto do comezo das obras?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o arquitecto e os servizos técnicos, que son os que deron a licenza de obra e fixeron algunhas observacións ao proxecto, foron enviadas xunto coa licenza. Díxolle o arquitecto que están pendentes dunha reunión cos arquitectos que fixeron o proxecto para ver esas posibles modificacións, que son moi pequenas.

Con respecto ao comezo das obras di que nas conversas que manteñen todas as semanas cos responsables da Consellería se lles dixo que en xaneiro está prevista a adxudicación da obra, que comezarán en febreiro. Non obstante, quere dicir que saiu na prensa de hoxe que no Parlamento Galego houbo unha pregunta respecto a isto, e parece ser que a Consellería se comprometeu a que no comezo do curso 2009-2010 estean rematadas as obras.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que efectivamente esa información a deu a Consellería. Pensa que están en tempo aínda, pero que aí hai un compromiso que xa se leva anunciado publicamente en varias ocasións, de que ao comezo do próximo curso o colexio estea rematado na súa ampliación, para poder acoller a todos os nenos e nenas que piden praza.

Di que pensa que é unha función deles estalo demandando e insistindo constantemente, e unha función do concelleiro de Educación do goberno municipal estar atento para que eses prazos non se atrasen. Non sabe se co comezo das obras en febreiro, facéndoas ben, dará tempo a rematar, pero que pensan que se está no límite para poder facelo. Di que empezan a haber xa dúbidas porque este verán se anunciou que en setembro ían comezar as obras, e ao final vai a ser en febreiro. Se é para ben e se remata en tempo todos o van a aplaudir, pero xa comezan a preocupar.

3ª Nos últimos meses foron varios os acordos plenarios adoptados por unanimidade sobre cuestións do máximo interese para o benestar da cidadanía e para o funcionamento eficiente da administración municipal. Queremos lembrar, entre outros, a contratación do estudo de viabilidade para a construción dun aparcadoiro no Graxal e, o estudo de consumos enerxéticos municipal. Aprobados os orzamentos, en que situación se encontran as ditas contratacións?

O Sr. alcalde di que o estudo do aparcadoiro entra dentro do Plan Arume, do plan de humanización, polo que se vai a encargar un estudo para ver a viabilidade. En canto ao consumo enerxético di que el realmente non sabe como está, di que o tiña o enxeñeiro

técnico municipal, pero non pode contestar agora. Di que se vai a informar e que o martes, ou así, que llo dirá.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que simplemente quere recordar que o que acordara o pleno foi unha moción do BNG para sacar unha contratación externa para analizar todos os consumos enerxéticos municipais e que de aí se puideran sacar medidas de aforro enerxéticas, en liña co tema do aforro de recursos propios, e tamén por temas medioambientais.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14.638 o día 22 de novembro de 2008, xunto coas mocións e rogos.

1ª Con bastante frecuencia nun terreo situado no borde da estrada de Cambre ao Temple, prodúcense continuos desprendementos de terra do noiro que invade a beirarrúa, supoñendo un perigo para as persoas, e a continua actuación dos equipos de Protección Civil do concello.

Ten o concello aberto algún expediente derivado do problema?

Ten previsto o goberno local algún tipo de actuación para reparar e solucionar esta anomalía?

O Sr. alcalde contesta que quixo buscar os datos pero non tivo tempo, pero que si sabe que houbo algunha denuncia. Di que agora ese terreo pertence a don José Mª Iglesias Atocha, o arquitecto que morreu hai pouco tempo, e que se van poñer en contacto cos herdeiros para ver que solución pode haber.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a situación a coñece todo o mundo, que cada vez que pasan por alí ven desprendementos e a conseguinte actuación dos membros de Protección Civil, o que ten un custo derivado ao concello. É un traballo continuo e por iso di que haberá que tomar algunha clase de medidas e apercibir aos familiares do propietario para que, por exemplo, se faga un muro de contención. Di que non sabe se facer ese muro corresponde ao concello ou aos familiares, pero pide que se faga unha actuación o máis inmediateamente posible.

2ª O noso grupo municipal presentaba no pasado pleno do día 11 unha iniciativa sobre a necesidade da instalación dun espello de seguridade na estrada de Armental, no cruzamento da Gándara, nos límites co veciño Concello de Oleiros.

Tendo en conta a ambigua resposta por parte da concelleira delegada, o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Realizou o grupo de goberno algún tipo de actuación para reparar a situación de perigo existente no lugar?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta en que sentido di o de resposta ambigua, porque o que ela respondeu foi que había un informe da policía local, que ese espello non fora posto polo seu departamento e, a parte, que levaba a enganar, porque non era fiable. Segundo a policía, a opción que había era poñelo na fachada dunha casa privada pertencente ao Concello de Oleiros. Intentaron averiguar en Rexistro se alguén solicitara a colocación dese espello, ninguén o fixera, e quen o puxo foi un particular en dominio municipal, e por iso se retirou, porque tiña unha mala colocación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, responde que dixo o de ambigüidade porque no pleno pasado se lles contestou de que había necesidade, porque todos eran conscientes de que había un perigo constante para a xente que vai dende o noso concello. E di ambigüidade porque se lle dixo que a solución era poñelo no Concello de Oleiros.

Continúa dicindo que el pensa que lle corresponde á Sra. concelleira como responsable da área, ou ben poñerse en contacto co Concello de Oleiros, ou ben habilitar algún sitio no de Cambre onde se poida habilitar o espello, porque di que o problema aquí é a perigosidade do lugar, e hai que afrontar xa ese problema. Todos son conscientes de que hai perigo e non se pode pasar a pelota a outro concello. Di que teñen que asumir as súas responsabilidades, porque para os veciños, para a xente de Cambre, e para os que circulan por esa estrada é un perigo constante ao que hai que dar solución. É un dos sitios onde máis perigo hai.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se remitirá ao Concello de Oleiros o informe da policía local e a solicitude de autorización para poñer o espello nese concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que faga os trámites que teña que facer, e engade que aínda que pediu unha copia do informe da policía local, a día de hoxe aínda non o ten.

A concelleira responde que lle dará a copia ao remate da sesión.

3ª Veciños/as do Temple denunciaron ante o noso grupo a deficiente iluminación pública na praza Manuel Lugo, que en horas nocturnas permanece apagada case na súa totalidade.

Poden informarnos se existe algún motivo especial para esta carencia?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que xa está arranxado o problema e a iluminación en marcha. Di que había o problema de que a empresa urbanizadora non entregara a chave para acceder ao cadro redutor á empresa encargada do mantemento municipal. Xa o fixo, e xa se conectou.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14.702 o día 24 de novembro de 2008.

1ª En que estado se atopa o contrato para a instalación dos caudalímetros na rede de sumidoiros nas parroquias de Anceis e de Sigrás?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que se presentou no concello unha valoración da empresa Gestauga, de Culleredo, na que se utilizaban os medidores de caudal de zanja aberta con rebosadeiro final dela. Segundo os técnicos municipais do concello o problema está en que os rebosadeiros poderían obstruírse polos sólidos que arrastran as augas fecais, existindo a posibilidade de atascos e de mala medición nos caudalímetros. Di que por iso se optou por substituílos por caudalímetros electromagnéticos. O proxecto técnico xa está rematado polo enxeñeiro técnico e, agora iníciase o expediente de contratación.

Segue dicindo que o orzamento dos caudalímetros electromagnéticos é máis elevado, pero que se aforrará ao ser a medición máis exacta, xa que da outra maneira os caudalímetros que dicía Gestauga poderían levar a enganar.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), dille á concelleira que agora case lle pode crer que o que lle está dicindo é verdade, porque o que lle contestou no mes pasado foi que estaba en contratación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín aclara que o que dixera era que estaba pendente de contratación.

Don Manuel Marante Gómez di que fai un ano, cando lle preguntaron por iso, tróuxolles a todos os partidos políticos un presuposto do que custaba, pero non había tal presuposto. Agora había presuposto dende o mes de agosto e o mes pasado lle dixo que estaba en contratación, agora parece que a cousa vai máis en serio, que houbo que aumentar o prezo. Di que agarda que para o ano que vén os poñan.

2^a En que estado se atopa o contrato coa empresa adxudicataria das obras incluídas no POS do ano pasado?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que xa hai un acordo coa empresa Indeza, que foi a que comezou esa obra. Di que o acordo previo consiste en ceder a Candal Excavaciones a obra. Indeza executará ata o 20% da obra e despois a cederá a Candal, e que contan que para a primeira semana de decembro estea formalizado.

3^a Cal é o motivo polo que na confluencia das rúas Francisco Rodríguez e Constitución se construíran barreiras arquitectónicas (escaleiras na beirarrúa) cando o normal é tratar de eliminalas onde existen?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que foi co fin de suavizar o encontro da superficie da área, na intersección entre as dúas rúas, Constitución e Francisco Rodríguez. Di que se trataba de crear unha zona de encontro na mesma cota, que había moito desnivel e había a posibilidade de facer un murete, pero que supoñía un maior impacto físico e visual, e que a outra opción era crear uns chanzos. Pero di que, en todo caso, garantizando a accesibilidade entre as beirarrúas, xa que as escaleiras van nun punto de encontro triangular, pero o peón vai ter sempre unha beirarrúa bordeando as escaleiras.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que antes estaba todo ao mesmo nivel, cun pouco máis de pendente ata o fondo, pero non pasaba nada. Di que co que fixeron agora os veciños está pensando se van poñer alí un altar enriba, para dar avisos na praza, ou para que os partidos políticos dean os mítines cando veñan as eleccións. Di que para iso quedan moi ben.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que o que se ten pensando é poñer uns bancos e unhas xardineiras.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia